



// Sector
Tecnolóxico



// Localización
Vigo



// Ano de constitución
2010



// N^o empregados
20

// Descrición da empresa

Inprosec naceu no ano 2010 no viveiro de empresas da Cámara de Comercio de Vigo como proxecto persoal de Iago Fortes. Dedicase a prestar servizos de consultoría e ciberseguridade.

Como obxectivo principal encóntrase facer as empresas máis seguras a través da excelencia no servizo e o traballo dun equipo profesional e altamente cualificado. Actualmente, están presentes en Vigo e contan cunha filial en Cidade de México.

"O programa Re-acciona permitiunos definir o noso plan estratéxico a tres anos vista"

Iago Fortes. Fundador de Inprosec

// Descrición do proxecto

O servizo solicitouse porque, aínda que o equipo directivo levou a cabo unha semana de brainstorming para definir a súa estratexia para tres anos, non dispoñían nin de tempo nin dos coñecementos suficientes para formalizar o devandito plan. Por ese motivo, solicitaron o servizo de Plan de futuro empresarial, para conseguir esa axuda e empuxe e lograr o seu obxectivo: un un plan estratéxico para o período 2017-2019.

A través de reunións periódicas co axente colaborador, e utilizando a metodoloxía Canvas, conseguiron definir determinados aspectos como os seguintes: o segmento de clientes, as actividades e as asociacións claves, ou o fluxo de ingresos, entre outros.

Deste xeito, foron logrando materializar unha folla de ruta que tiñan pensada, pero que non sabían como facer tanxible.





Decide o teu futuro e
traballa no teu presente



// O resultado

O resultado principal foi a definición dunha estratexia a longo prazo coa que afrontar os riscos e as oportunidades do futuro, e, tamén, contribuír dun xeito indirecto ao seu plan de crecemento e consolidación ata finais do ano 2019. Dous dos principios fundamentais deste son a sustentabilidade e o autofinanciamento.

Grazas á súa participación no programa Re-acciona, Inprosec conseguiu aquilo que por si mesmos non eran capaces de afrontar”.

“O servizo de plan de futuro empresarial contribuíu ao crecemento sustentable de Inprosec”

Iago Fortes
Fundador de Inprosec



// Web

<https://www.inprosec.es>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.



XUNTA
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

galicia